

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CORTEGADA PARA O PROXECTO DE ADECUACIÓN E EMBECEMENTO NA CONTORNA DO BALNEARIO DE CORTEGADA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Cortegada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Cortegada para o proxecto de adecuación e embeceamento na contorna do Balneario de Cortegada.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do 2 produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Segundo.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa



competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a *"información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local"*.

Terceiro.- O Balneario de Cortegada, elemento catalogado como ben de interese cultural, é sen lugar a dúbida o enclave de promoción turística do "Medio Miño" máis importante da provincia de Ourense.

A edificación ten a súa orixe no século XIX, coa construción duns stands de madeira desmontables segundo a extensión da época de baño, que estaban situadas na ribeira do Río Miño e que as crecidas facían trasladar todos os anos.

A constante afluencia de visitantes tanto no período estival como invernal, propiciaron nestes últimos anos actuacións encamiñadas a dotar dunha mellor difusión turística a zona.

A creación de sendas, miradoiros e rutas paisaxísticas ó seu paso polas inmediacións, lograron un entorno atractivo para unha visita complementaria á do propio monumento Balneario.

O actual acceso ao Balneario preséntase susceptible dunha urxente mellora xa que non harmoniza, en modo algún coa categoría e prestancia do inmovible ao que da paso. É precisa unha intervención urxente que pasa en primeiro termo por unha intervención no vial de acceso que organiza os espazos destinados ao estacionamento de vehículos e clarifique, á vez que facilite, os itinerarios aos peóns ata el.

De modo complementario e como actuación de igual calado, deberase acometer en primeiro termo un ocultamento dos diferentes elementos distorsionadores (contedores de lixo, cadros eléctricos e a antiga fonte de auga hoxe seca).



Cuarto.- Na zona de estacionamento de vehículos levarase a cabo unha poda e limpeza da matogueira existente, xunto a un barrido previo do asfalto disposto para situar, previo bacheado, dunha capa de rodadura. Complementariamente acometerase o pintado da sinalización de prazas de estacionamento así como eliminación da fonte seca que se presenta como elemento distorsionador. Os contedores mimetizaranse a través dun cubrecontedores de armazón metálico e revestimento de madeira.

Na zona de acceso peonil ao balneario procederase cunha poda e limpeza da matogueira existente, xunto á retirada dunha pequena capa de terreo para situar unha soleira tendente a soportar a zona ampliada do acceso. Dita ampliación efectuarase con pedra similar á xa existente. Complementariamente acometerase a mellor integración da fonte así como a mimetización do cadro de contadores. Como mobiliario urbano engadiranse tres bancos.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Cortegada unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia
Antonio Casas Calviño

